

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de maio de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Prezo do contrato</b>
1	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	41.681,02 €
2	CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	51.565,12 €
3	SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	53.880,09 €
4	SPIRAL CONTRACT, S.L.	56.937,76 €

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., o día 3 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.


**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., de conformidade co acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de abril de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) por un prezo total de 41.681,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.233,90 euros.*”

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2019 13:58	Páxina 2 de 3
	Expediente 20266/240	CSV: 22E2C1-B329E4-C43H8H-AWG5UU-ACXT8A-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, amolos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Os informes e documentación que motivan este acordo poden consualos no seguinte enderezo web:

[https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=Ulc2BzaqS9Muf4aBO%2BvQIQ%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=Ulc2BzaqS9Muf4aBO%2BvQIQ%3D%3D)

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

